Trasalba 7-I-1953

Sr. Dn. Antonio Fraguas.

Meu querido e lembrado amigo e compañeiro; Unha aperta e os
desexos nosos de que Teresa e Vde en unión cos seus dispoiten de
un ano ben inzado de saúde e ánemos, con traballos ledos e doces
recompensas. Graciñas por a sua carta. Eiquí os corpos de ai-
re xiados semellanse ter dado cita pra nos toller os espritos
en inverno dos mais duros da miña acordanza. Por eiquí
fúmolo pasando do millor xeito posibre. Soio fixemos un
viaxe ó Carballiño e algús a Ourense. Pro Lús voltaremos
á tertulia do café Español, as peroracións da Facultade e al-
gun paseo meio ascético por Belvís. Xa o sôlpor tivo hoxe do Miño.
antre os piñeiros das Conchadas, no hourizonte - estaban no punto
Os manteigados - non sei o nomeamento fixo - de un vello,
máximo da bondade, aquecían hastra o estomago de gostos.
e siñifican unha fórmula perfeita de equilibrio de gostos.

Sempre seu vello amigo e compañeiro,

R. Otero Pedrayo